



Concello de Guitiriz

EXPEDIENTE Nº 1018/2021

DECRETO DE ALCALDIA

ASUNTO: aprobación de gastos relativos á concesión de Subvencións Excepcionais (concesión directa) do Exercicio 2021.

Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que obran no expediente tramitado para aprobación de gastos para subvencións de concesión directa excepcionais as Asociacións que a continuación se relacionan :

- Providencia de alcaldía de data 27/12/2021.
- Dilixencia de existencia de crédito de data 27/12/2021.
- Base 35ª das Bases de Execución do Orzamento.
- Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Guitiriz 2021-2022.
- Solicitudes presentadas polas asociación.
- Borrador de convenio regulador da actividade subvencional.
- Providencia de alcaldía de data 27/12/2021.
- Informe de fiscalización 2021-0284 de data 31/12/2021.

Considerando o disposto nos artigos 22.2, 28 e 34 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Guitiriz (BOP de 29/05/2009) e demais normativa concordante.

Tendo en conta a base 35ª das Bases de Execución do Orzamento, *en concreto nos seguintes puntos:*

“1.- Co fin de facerlle fronte aos compromisos asumidos por este concello en virtude de convenios interadministrativos e convenios con entidades privadas sen fin de lucro, con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo 4º do estado de gastos outorgaranse directamente as subvencións ou achegas acordadas, nos prazos establecidos nas cláusulas de cada convenio e tendo en conta os importes que figuran nos mesmos.

2.- As subvencións poderán outorgarse directamente, non sendo preceptiva a concorrencia competitiva nin a publicidade, nos seguintes casos:

- I- Cando estean consignadas nominativamente no orzamento inicial ou





Concello de Guitiriz

nas súas modificacións, sen que iso supoña ningún dereito subxetivo.

II- (...)

III- Con carácter excepcional aquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

3.- Órgano competente:

1. Nominativas: (...)

2. En concorrencia: (...)

3. Concesión directa: o órgano competente para o seu outorgamento é o Alcalde, sempre que o seu importe sexa inferior a 5.000€ de xeito individual, e a XGL por importes individuais iguais ou superiores. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o alcalde. A autorización e disposición do gasto entenderase aprobada polo acordo ou resolución da concesión. O recoñecemento e liquidación da obriga polo acordo ou resolución de aprobación da xustificación. A ordenación do pagamento pola resolución ou acordo do alcalde.”

Ante a petición de axuda por parte das seguintes Asociacións:

<i>APLICACIÓN</i>	<i>BENEFICIARIO</i>	<i>OBXECTO E FINALIDADE</i>	<i>IMPORTE (€)</i>
340 48900	Club Tiro con Arco Guitiriz	Gastos correntes para actividades deportivas.	600
334 48902	Cáritas Parroquial San Juan de Lagostelle de Guitiriz	Gastos correntes para actividades.	600
334 48902	Asc. O Txoko de Parga	Gastos correntes de actividades.	600
340 48900	Clube Ciclista BTTEIROS Cova da Serpe	Gastos correntes de actividades.	900

RESOLVO:

PRIMERO.- . Aprobar as subvencións de concesión directa excepcionais de acordo co seguinte detalle:

<i>APLICACIÓN</i>	<i>BENEFICIARIO</i>	<i>OBXECTO E FINALIDADE</i>	<i>IMPORTE (€)</i>
340 48900	Club Tiro con Arco Guitiriz	Gastos correntes para actividades deportivas.	600
334 48902	Cáritas Parroquial San Juan de Lagostelle de Guitiriz	Gastos correntes para actividades.	600





Concello de Guitiriz

334 48902	Asc. O Txoko de Parga	Gastos correntes de actividades.	600
340 48900	Clube Ciclista BTTEIROS Cova da Serpe	Gastos correntes de actividades.	900

SEGUNDO.- Comunicar o presente Acordo ao Departamento de Intervención-Tesorería, para o seu coñecemento e efectos oportunos e dar conta da mesma na seguinte sesión plenaria ordinaria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo os beneficiarios e proceder a asinar os correspondentes convenios de colaboración, así como solicitarlles que acrediten que se atopan ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como acreditar que non están incurso en ningunha prohibición prevista no artigo 13 da LXS, mediante a presentación de declaración responsable.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.

Marisol Morandeira Morandeira,
Alcaldesa de Guitiriz.

Pablo Portela Fernández,
Secretario (Asinado aos efectos do artigo
3.2 do RD 128/2018)

